

GUÍA PARA O COMENTARIO DE TEXTOS.

1. LECTURA ATENTA DO TEXTO

- a) Le o texto cantas veces sexan necesarias, ata entendelo completamente e facerte unha idea do asunto xeral que trata.
- b) Axudarache enumerar os versos do poema ou liñas do texto de cinco en cinco.

2. LOCALIZACIÓN

- a) Sinala o xénero literario ao que pertence o texto.
- b) Encadra o autor no movemento literario concreto da súa época. Pódense engadir algúns datos interesantes sobre o autor (algunha outra obra importante, algún rasgo destacable da súa personalidade ou da súa vida...) e convén incluír un resume (moi breve) do argumento da obra, se é narrativa ou dramática, ou algunha referencia aos temas que soe tratar o autor nas súas obras, se o texto é un poema.

3. DETERMINACIÓN DO TEMA

- a) Resume o contido do texto nunhas poucas frases para axudarche a saber exactamente o que o autor quere expresar.
- b) Indica o tema do texto, que debe recoller a idea central. Recorda que o tema debe resumirse de maneira concisa e sinxela.

4. DETERMINACIÓN DA ESTRUCTURA

- a) Delimita a estrutura externa do texto: métrica, rima e estrofa (se é que as hai: tamén pode tratarse dun poema en verso libre).
- b) Delimita a estrutura interna do texto, indicando os apartados do mesmo segundo os temas específicos (o subtemas) que nel se desenvolvan, e que non teñen por que coincidir necesariamente coa división en estrofas.

5. ANÁLISE DA FORMA PARTINDO DO TEMA

- a) Tendo en conta a estrutura interna delimitada no apartado 4.b, procura agora localizar no texto os recursos estilísticos que observes.
- b) Unha vez teñas localizados ditos recursos, procura redactar de maneira coherente e clara de que maneira cres que contribúen a afianzar e darlle forza expresiva ao tema principal do texto.

6. CONCLUSIÓN

- a) Fai unha síntese de todo o observado reducíndoo ás súas liñas máis xerais.